

# 19 FOL MELIDE

Melide, 25/26 abril 2026

DOSSIER DE PRENSA



A Foliada de Melide comezou a súa andaina no ano 2005 e dende aquela foise convertendo nun evento que coa vila como escenario, concentra actividades moi diversas ao redor da música tradicional galega, enchendo de contido os dous días de festival: mostra de artesanía, concurso de cantos de taberna, animación de rúa, conferencias, presentación de libros, actuacións infantís, exposicións, mostra de baile tradicional, obradoiros, marcha gaiteira, o serán e actuacións musicais.

**19 FOL MELIDE**  
25/26 ABRIL 2026

**SÁBADO 25**  
**CANTOS DE TABERNA ★ SERÁN OS CARECOS ★ OS D'ABAIXO**

**DOMINGO 26**  
**SESIÓN VERMUT ACTUACIÓN INFANTIL**  
**IRMAUS DA RAIA SECA ★ OS MONIFATES**  
**FELISA SEGADE ★ TIRULEQUE**

**ARTESANÍA ★ ANIMACIÓN DE RÚA ★ OBRADOIROS**

instagram.com/foliadamelide  
facebook.com/foliadamelide  
foliadamelide@gmail.com

Concello de Melide  
Deputación DA CORUÑA

A complicidade estética e visual da Foliada chegou ao seu máximo esplendor en 2009, cando se logrou establecer por completo o rebulir do evento na zona antiga da vila. E a partir de aí, combinando o concurso de cantos de taberna con artesanía, concertos e resto de actividades, conseguiuase encher as rúas de Melide con tradición vencellada á música tradicional.

A Foliada de Melide é un encontro cultural que se desmarca do resto de festivais ou seráns da nosa terra pola diferente experiencia musical dentro dun ambiente e escenarios únicos.

É un evento para toda Galicia feita polos melidenses. Cerca de 50 voluntarios/as colaboran activamente no desenvolvemento da foliada. A xente de Melide vive a Foliada como algo propio, que nace do sentir e do respecto das súas xentes pola música tradicional, onde a participación cidadá é intrínseca e fundamental para o seu mantemento.

A Asociación Cultural e Musical O Castelo organizou a Foliada de Melide ata a decimo cuarta edición no ano 2018. Dende o ano 2022 responsabilizase o Concello de Melide da organización do evento.

Despois de 19 edicións a Foliada de Melide configurouse como unha das citas anuais máis importantes da nosa cultura tradicional, sendo una cita moi concorrida na que se enchen as rúas de música e baile.

**SÁBADO, 25 DE ABRIL DE 2026**

**11:00 h. Apertura da MOSTRA DE ARTESANÍA e INSTRUMENTOS Praza do Convento**

Abrirá as súas portas a partir das 11:00 h e permanecerá instalada na praza do Convento durante toda a fin de semana. Reúne a artesáns de todo o país repartidos en catorce postos que abranxen desde instrumentos de percusión, gaitas ou zanfonas até confección de traxes tradicionais.



**11:30 h. ANIMACIÓN DE RÚA con xigantes e cabezudos OS TREBOEIROS DE MUIMENTA**

As rúas énchense de cor musical co desfile de xigantes e cabezudos acompañados do grupo Treboeiros de Muimenta (Tomiño).



**12:00 h 15ª CONCURSO DE CANTOS DE TABERNA**

A primeira xornada da foliada comezará cun dos pratos fortes, o concurso de cantos de taberna. Este ano terá lugar a súa 15ª edición. Os grupos participantes farán un percorrido polos bares do zona antiga de Melide. Os gañadores recibirán unha cesta de produtos locais.



**15:30 h. Entrega de premios do 15ª CONCURSO DE CANTOS DE TABERNA. Praza das Coles**


**17:00 h. ANIMACIÓN DE RÚA OS TREBOEIROS DE MUIMENTA**



**MANU SEOANE,**

gaiteiro e bailador tradicional, cunha traxectoria de máis de 20 anos de formación e aprendizaxe da música e o baile tradicional galego, ten o seu primeiro contacto coa cultura tradicional no ano 2003 na A.C. A Maristela, de Sobrado. No ano 2017 pasa a formar parte do grupo de baile da A.C. Donaire (A Coruña) baixo a dirección de Olga Kirk ata o ano 2021, momento no que comeza a súa participación na sección oficial de baile da A.F. Cantigas e Agarimos (ata a actualidade), dirixido por Pedro Brañas. Con ambos grupos participa en diversos festivais e espectáculos (Festival Presqu'île Breizh -Quiberon, Francia-, Xornadas do Folclore Galego, espectáculo Retrincos, Gala ANDERSON, entre outros) e acada varios premios no ámbito dos concursos de baile.

Á marxe do seu desempeño como bailador, tamén desenvolve a súa faceta como docente impartindo aulas en varias asociacións e grupos de baile da contorna santiaguesa: A. F. Lembranzas do Tambre, A.C. Mestre Manuel Gacio, A.C. Escola Viva Antes ou no C.C. A Ponte Vella, onde é co-director da sección de baile xunto con Miguel Barbazán.



**17:30 h. OBRADOIRO DE BAILE Adultos con MANU SEOANE**  
coa colaboración de Bico da Balouta. Praza do Convento

## 19:00 h. MARCHA GAITEIRA

Percorrido pola vila

A marcha gaiteira é un dos clásicos da foliada. Un percorrido musical que enche as rúas de Melide de música. Participarán 13 agrupacións musicais que se repartirán por diferentes rúas e prazas con diferentes percorridos que rematarán no cantón de San Roque. Un pasarrúas multitudinario que anima a vila e nos encamiña ao centro mesmo da festa, a praza das Coles, onde terá lugar o serán.



19:30 h. Praza das Coles

## SERÁN

O serán é o xermolo da foliada. O nacemento desta aventura foi un serán, unha reunión de amigos/as para tocar e bailar que logo se fixo grande e colleu vida propia. A partir do serán xurdiu todo o demais. O serán é unha festa. Uns/as tocan para que outros/as poidan bailar. Tamén se pode vir a desfrutar dunha noite de música e bo ambiente na que participarán varias agrupacións musicais, entre outras:

- Herba Grileira gaita (Melide)
- Herba Grileira pandeireta (Melide)
- A Maristela gaita (Sobrado dos Monxes)
- A Maristela canto (Sobrado dos Monxes)
- Bingo Birón (Toques)
- Fol da Chousa (Santiso)
- Gaiteiros do Balado (Toques)
- Pozo Pequeno (Melide)
- Froito Novo (Melide)
- Eu que sei taberneiros (Culleredo)
- Airiños Galegos Doce Albor (Santurtzi)
- A Rexouba (A Coruña)
- Bringuelo (Arzúa)
- Palacio do Rei gaita (Palas de Rei)
- Palacio do Rei canto (Palas de Rei)



24:00 h ACTUACIÓN.

Praza das Coles

## OS CARECOS

Grupo de música tradicional galega que iniciou a súa viaxe sonora en 2014, cando as súas voces se atoparon na Asociación Cultural Gamelas e Anduriñas de Espesante. Dende entón, abrazaron o folclore e a tradición galega, combinándoos cunha proposta renovada e auténtica.

A banda consolídase no formato actual con motivo da participación no Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira 2023, no que Alberto Fojo (gaita e clarinete), Serafín Santamariña (acordeón) e Toñito Martínez (percusión), pasan a formar parte do grupo de pandeireteiros inicial. As polifonías e o traballo vocal dos carecos sobresaen notoriamente na súa proposta, así como un dominio total das percusións de man, conformando unha formación impecable, elegante e orixinal dentro do seu estilo.

O grupo reafirma a través deste primeiro disco o seu compromiso de levar dende os seus orixes o folclore galego cara a novas audiencias, abrindo camiños na música tradicional e demostrando que a mestura de tradición e innovación pode resultar nunha experiencia verdadeiramente valiosa.



02:00 h ACTUACIÓN.

Praza das Coles

## OS D'ABAIXO

Xúntanse no ano 2010 co obxectivo de promover e animar bailes e festas tradicionais na contorna de Compostela. O seu repertorio recolle algunhas das pezas populares máis coñecidas da música galega xunto con novas achegas de fontes tradicionais ou de nova composición.

O grupo está integrado por músicos que estiveron toda a vida vinculados ao folclore de Galiza, provintes de bandas folk de ampla traxectoria como son Berrogüetto ou Fía na Roca.

Nos seus directos ofrecen unha selección de música cargada de forza e enerxía, que entronca cun profundo respecto aos patróns da música tradicional co fin de incitar ao baile máis ancestral, que é unha peza fundamental na tradición musical de Galiza. Pero iso si, sempre buscando un son actual e en constante evolución.

Amplamente galardoados nos certames de referencia de música tradicional, Os d'Abaixo teñen actuado en importantes festivais de música tradicional en toda Europa.



**DOMINGO, 26 DE ABRIL DE 2026**

**11:00 h. Apertura da MOSTRA DE ARTESANÍA e INSTRUMENTOS. Praza do Convento**




**12:00 h. Presentación musicalizada do libro: O VIOLIN QUE TRAE O VENTO de Adrián Méndez.**

**Capela de Santo Antón**

Relata a vida de Modesta Fernández, máis coñecida como "A cega de Noceda", unha violinista de A Fonsagrada que se convertiu nunha artista inesquecible na música tradicional da zona.

Conta coa colaboración de Xulia Feixoo e Begoña Riobó. Tamén ten unha parte musical na que colaboraron Pärbo, As Cegas de Ouselle, Caldo, Caamaño&Ameixeiras, Abril e Carmen&Marcos.



**11:30 h. ANIMACIÓN DE RÚA con BANDA DE GAITAS DE ORTIGUEIRA acompañada de xigantes e cabezudos.**

**13:00 h. ACTUACIÓN BANDA DE GAITAS DE ORTIGUEIRA**  
Praza do Convento

**BANDA DE GAITAS DE ORTIGUEIRA**

O 3 de novembro de 1975 xurdiu en Ortigueira o primeiro grupo musical de máis de 6 gaiteiros do que se ten constancia en Galicia. Era o xerme da Escola de Gaitas de Ortigueira, que hoxe se considera a decana das bandas de gaitas galegas. Cuns poucos anos de vida, en 1978 Xabier Garrote, (o seu fundador) e o seu equipo organizaron o Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira, co único afán de ensinarlle de primeira man ao alumnado da Escola a situación doutras gaitas europeas semellantes, as das nacións celtas. Este feito une para sempre a historia da Escola coa do Festival de Ortigueira, hoxe declarado de interese turístico internacional e que fai posible a colaboración musical da Escola de Gaitas con artistas como Susana Seivane, a Bagad Brieg, Carlos Núñez ou The Chieftains.

Despois de 50 anos de actividade ininterrompida, a Escola evolucionou musicalmente mantendo sempre vivo un forte sentimento sobre as súas raíces.

Actualmente dirixida está por Rodrigo López e conta con repertorio tradicional galego, pezas de autor e outras influenciadas por aires celtas.



**14:00 h. SESIÓN VERMÚ. Praza das Ichoas IRMAUS DA RAIÁ SECA**

Proxecto musical que toma forma a partir de 2023, nacemento na Raia Seca: o territorio que se estende aos dous lados da liña que separa Galiza e Portugal, xa lonxe do Miño.

A banda da Raia Seca confórmana os irmáns Pascual (Marful, Laio, Talabarte, Davide Salvado ...) e Álvarez (Xabier Díaz, Xascariz...) e todos xuntos conforman un proxecto cunha instrumentación ben interesante e un repertorio xenuíno en torno aos territorios limítrofes ou arraianos de Galicia con outros territorios, xa que é un nexo común da parella de irmáns.

Trátase dun patrimonio inmaterial vivo, cun poder que actúa no aquí e agora, convidando a reflexionar sobre as liñas divisorias tamén dentro das músicas. A Raia Seca soa a músicas que nacen do chan cando este resoa co baile. Son melodías vivas, con instinto propio; ritmos xa feitos ritual, telúricos, avocados ao trance. "Que non é nin d'eiquí, nin d'alí".



**17:00 h. ACTUACIÓN INFANTIL.**

**Praza do Convento**

## **OS MONIFATES**

O obxectivo principal deste espectáculo, ademais da recuperación dos chamados monicreques danzantes, é darlle un enfoque didáctico co que poder mostrar a rica e variada música e a instrumentación tradicional que se conservan na cultura galega, mesturadas co baile e as historias dos nosos personaxes.

É un espectáculo ideado para un público familiar, que producirá o desfrute dende os máis cativos ata os avós.



**18:00 h.**

## **XOGOS POPULARES**

**Rúa Convento**

Xornada de xogos tradicionais interxeneracional, dirixidos pola Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional.



**18:00 h. MOSTRA DE BAILE TRADICIONAL**

**Praza do Convento**



**19:00 h ACTUACIÓN. Praza das Coles**

## **FELISA SEGADE**

Segade, ex compoñente de Leilía, e o gaiteiro, saxofonista e compositor galego Pedro Lamas, únense nun novo proxecto musical no que a voz da pandeireiteira estará acompañada dun cuarteto de saxofóns liderados polo propio Pedro Lamas. Trátase dunha nova e singular andaina que permitirá aos oíntes descubrir o novo son dunha figura longamente vencellada á música tradicional galega, nun traballo que necesita manexo, elegancia, precisión e tamén esa intuición habilidosa de saber que vai en cada momento.

Pablo Añón, Miguel González e Toño Otero completan, xunto a Segade e Lamas, este súper grupo de raíces galegas, todos eles cunha longa traxectoria no mundo do jazz, o que lle confire singularidade ao proxecto, asentado nun universo sonoro que bebe das fontes da tradición oral para combinala con arranxos actuais e unha interpretación chea de matices e emoción.



**21:00 h ACTUACIÓN. Praza das Coles**

## **TIRULEQUE**

Tiruleque é unha das bandas de música galega máis veteranas do país. Xurdiu na Coruña fai máis de vinte anos e criouse nese mundo de romarías, foliadas, bailes, festas populares e demais encontros que son celebracións da cultura galega en si mesmos. Un mundo vivo e rico, no que calquera chispa espontánea prende na celebración conxunta, e onde todo o mundo ten, na música, no canto ou no baile, o seu lugar.

Tiruleque potencia a enerxía hipnótica da pandeireta co trance das liñas de baixo, combina o brillo da gaita coa forza do metal, mestura a percusión tradicional coa moderna... coa particularidade de ser sempre fiel ao espírito verdadeiro das músicas, sen artificios innecesarios.



**19 FOL MELIDE**  
25/26 ABRIL 2026

**SÁBADO 25**  
**CANTOS DE TABERNA ★ SERÁN**  
**OS CARECOS ★ OS D'ABAIXO**

**DOMINGO 26**  
**SESIÓN VERMUT** ACTUACIÓN INFANTIL  
**IRMAUS DA RAIA SECA ★ OS MONIFATES**  
**FELISA SEGADE ★ TIRULEQUE**

ARTESANÍA ★ ANIMACIÓN DE RÚA ★ OBRADOIROS

Organiza: **Concello de Melide**  
Patrona: **Deputación DA CORUÑA**  
Deseño: **Creación animal**  
Colabora: **ASXPT**

**Cantos de Taberna melide**

Instagram: [instagram.com/foliadamelide](https://www.instagram.com/foliadamelide)  
Facebook: [facebook.com/foliadamelide](https://www.facebook.com/foliadamelide)  
Email: [foliadamelide@gmail.com](mailto:foliadamelide@gmail.com)

**19 FOL MELIDE**  
25/26 ABRIL 2026

**SÁBADO 25 DE ABRIL**

- 11:00 Apertura da MOSTRA DE ARTESANÍA e INSTRUMENTOS. Praza do Convento
- 11:30 ANIMACIÓN DE RÚA con xigantes e cabezudos **OS TREBOEIROS DA MUIMENTA**
- 12:00 **15º CONCURSO DE CANTOS DE TABERNA** Zona dos Viños
- 15:30 Entrega de premios do 15º CONCURSO DE CANTOS DE TABERNA. Praza das Coles
- 17:00 ANIMACIÓN DE RÚA **OS TREBOEIROS DA MUIMENTA**
- 17:30 OBRADOIRO DE BAILE Adultos. Praza do Convento **MANU SEOANE**
- 19:00 **MARCHA GAITEIRA** Percorrido pola vila
- 19:30 **SERÁN** Praza das Coles
  - Herba Grileira gaita (Melide)
  - Herba Grileira pandeirata (Melide)
  - A Maristela gaita (Sobrado dos Monxes)
  - A Maristela canto (Sobrado dos Monxes)
  - Bingo Birón (Toques)
  - Fol da Chousa (Santiso)
  - Gaiteiros do Balado (Toques)
  - Pazo Pequeno (Melide)
  - Froito Novo (Melide)
  - Eu que sei taberneiros (Quilledo)
  - Airiños Galegos Doce Albor (Santurtzi)
  - A Rexouba (A Coruña)
  - Bringuelo (Arzúa)
  - Palacio do Rei gaita (Palas de Rei)
  - Palacio do Rei canto (Palas de Rei)
- 24:00 ACTUACIÓNS. Praza das Coles

**DOMINGO 26 DE ABRIL**

- 11:00 Apertura da MOSTRA DE ARTESANÍA e INSTRUMENTOS Praza do Convento
- 11:30 ANIMACIÓN DE RÚA con xigantes e cabezudos **BANDA DE GAITAS DE ORTIGUEIRA**
- 12:00 PRESENTACIÓN MUSICALIZA do libro: **O VIOLÍN QUE TRAE O VENTO** de Adrián Méndez
- 13:00 ACTUACIÓN. Praza do Convento **BANDA DE GAITAS DE ORTIGUEIRA**
- 14:00 SESIÓN VERMUT. Praza das Ichoas **IRMAUS DA RAIA SECA**
- 17:00 ACTUACIÓN INFANTIL. Praza do Convento **OS MONIFATES**
- 18:00 MOSTRA DE BAILE TRADICIONAL. Praza do Convento
- 18:00 XOGOS POPULARES. Rúa Convento
- 19:00 ACTUACIÓN. Praza das Coles **FELISA SEGADE TIRULEQUE**

**19 FOL MELIDE**  
25/26 ABRIL 2026

Organiza: **Concello de Melide**  
Patrona: **Deputación DA CORUÑA**  
Deseño: **Creación animal**  
Colabora: **ASXPT**

**Cantos de Taberna melide**

Instagram: [instagram.com/foliadamelide](https://www.instagram.com/foliadamelide)  
Facebook: [facebook.com/foliadamelide](https://www.facebook.com/foliadamelide)  
Email: [foliadamelide@gmail.com](mailto:foliadamelide@gmail.com)

## merchandising 19 Folidada 2026

suadoiro, camiseta e chapa



# 19 FOL MELIDE

Melide, 25/26 abril 2026

